Tema 12: Exercicio físico e deporte	Fármacos e deporte. Drogodependencias, sustancias que modifican o rendemento deportivo.
Tema 13: Farmacoloxía en masoterapia	Facilitación. Modificación.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	42	106	148
Actividades introdutorias	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Serán participativas e utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. Seguindo o Proceso de Bolonia, a aprendizaxe estará cada vez máis baseada no estudiantado e na súa aprendizaxe activa e participativa.

Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	O alumnado ten que se dar de alta no Servizo de Teledocencia: FaiTIC (plataforma TEMA), cubrir a ficha virtual: aportando os seus datos e unha foto, e participar nas actividades que se fan a través del, para o correcto seguimento da materia.
Lección maxistral	Titorías: Poden realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Lévanse a cabo no horario establecido no documento das titorías e no despacho do profesorado da materia, sendo de 6 horas á semana. Tamén poden realizarse por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través da FaiTIC.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas obxectivas	Haberá un exame final, unha proba tipo test de resposta única. Cada pregunta ben respondida contará 1 punto; as deixadas en branco non descontarán puntuación, pero as que teñan a resposta equivocada si, segundo a fórmula: Cualificación = acertos - (erros / nº de opcións de resposta en cada pregunta).	100	CG1 CG12 CG14 CE3 CE7 CE15 CE21 CE22 CE27 CE31 CE35 CE38 CE42 CE46 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT20 CT23 CT27 CT29

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Azanza JR., Farmacología Clínica para profesionales de la salud., 2ª ed. Pamplona: Eunate;, 2004.

Betés M, Durán M, Mestres C, Nogues MR., Farmacología para Fisioterapeutas., Madrid: Panamericana;, 2008.

Brunton LL, Lazo JS, Parker KL. Goodman & Gilman., Las Bases Farmacológicas de la Terapéutica., 11ª ed. México D.F.: McGraw-Hill / Interamericana;, 2006.

Castell S, Hernández M., Farmacología en enfermería., 2ª ed. Barcelona: Elsevier;, 2007.

De Ahumada JI, Santana ML, Serrano JS., Farmacología práctica. Para las diplomaturas en Ciencias de la Salud., Madrid: Díaz de Santos;, 2002.

Florez J, Armijo JA, Mediavilla A., Farmacología humana., 5ªed. Barcelona: Elsevier/Masson;, 2008.

Lüllmann H, Mohr K, Ziegler A., Atlas de Farmacología., Barcelona: Masson / Salvat;, 1992.

Rang HP, Dale MM, et al., Farmacología., 7ª ed. Barcelona: Elsevier / Churchill Livingstone;, 2012.

Yassin, G., Lo esencial en Farmacología., 3ª ed. Barcelona: Elsevier;, 2011.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Afeccións medicocirúrxicas/P05G170V01201
Bioquímica-Física: Bioquímica e biofísica/P05G170V01102
Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103
Afeccións médicas/P05G170V01302
Afeccións cirúrxicas/P05G170V01301

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fisioterapia en xinecoloxía e obstetricia				
Materia	Fisioterapia en xinecoloxía e obstetricia			
Código	P05G170V01909			
Titulacion	Grao en Fisioterapia			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Soto González, María Mercedes			
Profesorado	Soto González, María Mercedes			
Correo-e	m.soto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias		
Código		Tipoloxía
CG1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.	• saber
CG2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.	• saber
CG3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.	• saber
CG5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.	• saber facer
CG6	Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.	• saber • saber facer
CG7	Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.	• saber facer
CG8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.	• saber facer
CG12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.	• saber
CG14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.	• saber facer
CG15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.	• saber facer
CG18	Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se poña atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.	• saber facer
CG19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.	• saber facer • Saber estar / ser
CE7	Coñecer e comprender as bases físicas dos distintos axentes físicos e as súas aplicacións en Fisioterapia	• saber
CE14	Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e pronóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia	• saber
CE15	Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos	• saber
CE16	Coñecer e comprender os cambios estruturais, fisiolóxicos, funcionais e de conduta que se producen como consecuencia da intervención da Fisioterapia	• saber
CE18	Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos xenerais e os derivados doutros axentes físicos	• saber
CE19	Coñecer e comprender os Procedementos fisioterapéuticos baseados en Métodos e Técnicas específicos de actuacións fisioterapéuticas a aplicar nas diferentes patoloxías de todos os aparatos e sistemas, e en todas as da saúde, e na prevención da enfermidade. Tales métodos están referidos, entre outros: aos procesos neurolóxicos; do aparato locomotor (terapias manuais, terapias manipulativas articulares, oteopatía e quiropraxia); do aparato respiratorio; do sistema cardiocirculatorio; ás alteracións da estática e a dinámica; aos métodos específicos ortopédicos; e ás técnicas terapéuticas reflexas, alternativas ou complementarias afines ao campo de competencia da Fisioterapia	• saber

CE20	Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia	• saber
CE21	Adquirir formación científica básica en investigación	• saber
CE36	Determinar o Diagnóstico de Fisioterapia de acordo coas normas recoñecidas internacionalmente e cos instrumentos de validación internacionais. Esta competencia inclúe xerarquizar as necesidades do paciente/usuario para atender con prioridade aquelas que máis comprometan ao proceso de recuperación	• saber • saber facer
CE37	Deseñar o Plan de Intervención de Fisioterapia. Elaborar un Plan específico de Intervención de Fisioterapia empregando habilidades de resolución de problemas e razoamento clínico: en consonancia cos recursos dispoñibles; formulando os obxectivos de intervención co usuario e, no seu caso, coas persoas significativas do seu entorno, recollendo as súas expectativas respecto da atención; seleccionando os protocolos ou procedementos máis adecuados á atención planificada, atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia	• saber
CE38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde	• saber facer
CE42	Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade	• saber • saber facer
CE44	Incorporar á cultura profesional os principios éticos e legais da profesión	• Saber estar / ser
CE45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional	• saber facer
CE49	Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar a contorna en situacións de tensión	• saber
CE51	Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa	• saber • Saber estar / ser
CE52	Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade	• saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.	• saber facer
CT2	Capacidade de análise e síntese.	• saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación.	• saber facer
CT4	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT5	Resolución de problemas	• saber facer
CT6	Toma de decisións	• saber facer
CT7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo	• saber • saber facer
CT9	Compromiso ético	• Saber estar / ser
CT10	Traballo en equipo	• saber facer
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• saber facer • Saber estar / ser
CT12	Razoamento crítico	• saber facer
CT13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT16	Motivación por a calidade.	• Saber estar / ser
CT17	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• saber facer
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• saber facer
CT20	Liderado	• saber facer
CT23	Traballar con responsabilidade	• saber facer
CT24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora	• Saber estar / ser
CT25	Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais	• Saber estar / ser
CT27	Manifestar discreción	• Saber estar / ser
CT28	Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario	• saber facer
CT29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional	• Saber estar / ser
CT30	Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Distinguir entre o labor do fisioterapeuta no eido da xinecoloxía e obstetricia e outros ámbitos dá fisioterapia	CG1 CG2 CG3 CG5 CG6 CG14 CG18 CG19 CE7 CE14 CE20 CE21 CE42 CE45 CE49 CE51 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT10 CT13 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT30
Identificar e valorar cada unha das estruturas anatómicas do chan pélvico asi como a súa función	CG1 CG2 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CE7 CE14 CE15 CE16 CE36 CE37 CE38 CT1 CT2 CT5 CT6 CT11 CT12 CT16 CT23 CT27 CT28

Distinguir entre as medidas de prevención e as medidas de tratamento da disfunción do chan pélvico	CG1 CG3 CG5 CG6 CG12 CG15 CE14 CE15 CE16 CE19 CE36 CE37 CE38 CE42 CE44 CE45 CT1 CT2 CT5 CT6 CT11 CT12 CT16 CT23 CT24 CT25 CT27 CT28 CT29
Coñecer o manexo dous recursos (aparatos) necesarios para a exploración e tratamento xinecolóxico e obstétrico	CG1 CG3 CG6 CG7 CG8 CG12 CE7 CE18 CE19 CE20 CE21 CE36 CE37 CE38 CE44 CE45 CT1 CT2 CT5 CT6 CT11 CT12 CT28 CT29

Ser capaz da valoración da disfunción do chan pelvico	CG1 CG3 CG5 CG6 CG14 CE18 CE19 CE21 CE36 CE37 CE38 CE44 CE45 CE49 CT1 CT2 CT5 CT6 CT11 CT12 CT16 CT20 CT23 CT24 CT25 CT27 CT28 CT29
Identificar e resolver as causas que producen incontinencia urinaria e as disfuncións sexuais	CG1 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG12 CG15 CE14 CE15 CE16 CE36 CE37 CE38 CE51 CE52 CT1 CT2 CT5 CT6 CT11 CT12 CT16 CT28 CT29

Coñecer e aplicar os diferentes programas de psicoprofilaxe obstétrica (preparto, durante e posparto)	CG1 CG2 CG3 CG6 CG7 CG12 CG15 CG18 CG19 CE14 CE15 CE16 CE36 CE37 CE38 CE51 CE52 CT1 CT5 CT6 CT11 CT12 CT28 CT29
Coñecer e aplicar o programa na etapa da menopausia	CG1 CG2 CG3 CG6 CG7 CG12 CG15 CG18 CG19 CE16 CE19 CE36 CE37 CE38 CE51 CE52 CT1 CT2 CT5 CT6 CT11 CT12 CT28 CT29

Contidos	
Tema	
TEMARIO TEÓRICO	DESENVOLVEMENTO TEMARIO TEÓRICO
TEMA 1 - BASES DA FISIOTERAPIA EN XINECOLOXÍA E OBSTETRICIA	Fundamentos de Fisioterapia en xinecoloxía e obstetricia. Papel da Fisioterapia. Consideracións anatómicas e fisiolóxicas.
TEMA 2 - FISIOTERAPIA E EMBARAZO	Fisioterapia preparto. Coidados de Fisioterapia durante o parto. Fisioterapia postparto.
TEMA 3 - DISFUNCIÓNS DO CHAN PÉLVICO	Incontinencia urinaria. Disfuncións sexuais.
TEMA 4 - FISIOTERAPIA E MENOPAUSA	Deseño de programas de fisioterapia na menopausa.
TEMARIO PRÁCTICO	DESENVOLVEMENTO TEMARIO PRÁCTICO
TEMA 1 - BASES ANATÓMICAS	Recoñecemento de estruturas.
TEMA 2 - FISIOTERAPIA E EMBARAZO	Programas de Fisioterapia preparto e postparto.
TEMA 3 - DISFUNCIÓNS DO CHAN PÉLVICO	Valoración e tratamento das disfuncións.
TEMA 4 - FISIOTERAPIA E MENOPAUSA	Programas de Fisioterapia na menopausa.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1

Traballo tutelado	1	19	20
Prácticas de laboratorio	16	40	56
Presentación	1	4	5
Lección maxistral	22	44	66
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Traballo tutelado	O estudante, en grupo, elabora un traballo sobre a temática da materia. Trátase dunha actividade autónoma dos estudantes que inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía e redacción.
Prácticas de laboratorio	Utilizarase a demostración experimental e a estratexia de simulación, o tratamento didáctico de erros e o adestramento sistemático. O profesor fará a demostración de como se debe realizar a valoración e/ou protocolo de tratamento, a continuación os alumnos realizarán a práctica entre eles, corrixindo o profesor e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir.
Presentación	Exposición e defensa do traballo con apoio audiovisual.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	A orientación e asesoramento para a exposición e presentación dos traballos, realizarase en titoría de grupo grande
Lección maxistral	O alumno deberá darse de alta na plataforma Tema para o correcto seguimento da materia. As titorías de orientación e asesoramento académico levaranse a cabo no horario e lugar indicados no apartado da guía correspondente, 6 horas á semana. Tamén se poden realizar por correo electrónico á dirección do profesor indicando en asunto: TITORÍAS.
Traballo tutelado	As titorías de orientación e asesoramento realizaranse en grupo pequeno, de 4 a 6 alumnos, e nas horas establecidas na programación semanal da materia

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Prácticas de laboratorio	O alumno deberá executar dúas probas prácticas elixidas ao azar sobre os contidos desenvolvidos nas prácticas.	40	CG1 CG2 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG14 CG15 CG18 CG19 CE14 CE15 CE16 CE18 CE19 CE36 CE37 CE38 CE45 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT15 CT16 CT17 CT19 CT20 CT23 CT24 CT25 CT27 CT28 CT29 CT30

Presentación	Terase en conta o contido, presentación, claridade de contidos e a exposición	5	CG3 CG12 CG18 CG19 CE20 CE21 CE45 CE49 CE51 CT1 CT2 CT4 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT17 CT18

Lección maxistral	Exame teórico de resposta longa non podendo deixar ningunha sen contestación efectiva. Poderanse realizar probas ao longo das sesións maxistrais que se terán en conta na cualificación final desta parte. Os alumnos que as realicen correctamente faráselle media co exame teórico. Os que non as realicen valoraráselle só o exame teórico.	50	CG1 CG2 CG3 CG7 CG8 CG12 CG14 CG15 CG18 CG19 CE7 CE14 CE15 CE16 CE18 CE19 CE20 CE21 CE36 CE37 CE38 CE42 CE44 CE45 CE49 CE51 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT11 CT12 CT13 CT15 CT16 CT17 CT19 CT20 CT23 CT24 CT25 CT27 CT28 CT29 CT30

Traballo tutelado	A realización, asistencia a titorias exposición e defensa do traballo é obrigatoria. Valorarase a participación nas titorías do traballo, a formulación e análise realizada, así como a súa redacción e a utilización de fontes bibliográficas	5	CG1 CG2 CG3 CG7 CG8 CG12 CG19 CE7 CE14 CE15 CE16 CE18 CE20 CE21 CE44 CE45 CE49 CE51 CE52 CT1 CT2 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT16 CT18 CT23 CT25 CT30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A realización do traballo e obrigatoria e a sua valoración farase a traves das titorias establecidas na programación da materia e na presentación e defensa do mesmo.

Para superar a materia o alumno debe ter superados o exame teórico e práctico de forma independente.

Para poder presentarse ao exame práctico o alumno debe realizar o exame teórico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

http://www.icsoffice.org/ASPNET_Membership/Membership/Documents/Documents.aspx,

Walker, C., Fisioterapia en obstetricia y uroginecología., 2, Masson, 2013, Barcelona

Stephenson, R. ; O`Connor L., Fisioterapia en obstetricia y ginecología., 2ª, McGraw-Hill, 2003, Barcelona

Mantle J, Haslam J, Barton S., Obstetric and Gynecologic care in Physical Therapy, 2ª, McGraw-Hill, 2003, Madrid

Espuña M, Salinas J., Tratado de Uroginecología, Ars Médica, 2004, Barcelona

Sapsford R, Bullock-Saxton J, Markwell S., Women´s Health, W.B. Saunders, 1999, London

Ramírez I, Blanco L, Kauffmann S., Rehailitación del Suelo Pélvico Femenino, Médica Panamericana, 2013, Madrid

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G170V01101
Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103
Fundamentos de fisioterapia/P05G170V01104
Valoración en fisioterapia/P05G170V01204
Cinesiterapia/P05G170V01303
Fisioterapia xeral/P05G170V01304
Fisioterapia respiratoria e masoterapia especial/P05G170V01502

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fisioterapia en deporte e en actividade física				
Materia	Fisioterapia en deporte e en actividade física			
Código	P05G170V01910			
Titulacion	Grao en Fisioterapia			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Iglesias Santos, Rosa			
Profesorado	Iglesias Santos, Rosa Nóvoa Castro, Borja			
Correo-e	rosai@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias		
Código		Tipoloxía
CG1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.	• saber
CG3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.	• saber
CG5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.	• saber facer
CG6	Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.	• saber facer
CG7	Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.	• saber facer
CG8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.	• saber facer
CG12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.	• saber
CG15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.	• saber facer
CG18	Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se poña atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.	• saber facer
CG19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.	• saber facer • Saber estar / ser
CE6	Coñecer e comprender os principios e teorías da física, a biomecánica, a cinesioloxía e a ergonomía, aplicables á fisioterapia	• saber
CE14	Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e pronóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia	• saber
CE15	Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos	• saber
CE16	Coñecer e comprender os cambios estruturais, fisiolóxicos, funcionais e de conduta que se producen como consecuencia da intervención da Fisioterapia	• saber
CE18	Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos xenerais e os derivados doutros axentes físicos	• saber
CE22	Coñecer e comprender as teorías que sustentan a capacidade de resolución de problemas e o razoamento clínico	• saber
CE35	Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais	• saber • saber facer
CE36	Determinar o Diagnóstico de Fisioterapia de acordo coas normas recoñecidas internacionalmente e cos instrumentos de validación internacionais. Esta competencia inclúe xerarquizar as necesidades do paciente/usuario para atender con prioridade aquelas que máis comprometan ao proceso de recuperación	• saber • saber facer

CE37	Deseñar o Plan de Intervención de Fisioterapia. Elaborar un Plan específico de Intervención de Fisioterapia empregando habilidades de resolución de problemas e razoamento clínico: en consonancia cos recursos dispoñibles; formulando os obxectivos de intervención co usuario e, no seu caso, coas persoas significativas do seu entorno, recollendo as súas expectativas respecto da atención; seleccionando os protocolos ou procedementos máis adecuados á atención planificada, atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia	• saber
CE38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde	• saber facer
CE42	Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade	• saber • saber facer
CE44	Incorporar á cultura profesional os principios éticos e legais da profesión	• Saber estar / ser
CE45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional	• saber facer
CE46	Analizar críticamente os métodos, protocolos e tratamentos da atención en Fisioterapia e velar porque estes se adecuen á evolución do saber científico	• saber
CE51	Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa	• saber • Saber estar / ser
CE52	Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade	• saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.	• saber facer
CT2	Capacidade de análise e síntese.	• saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación.	• saber facer
CT4	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT5	Resolución de problemas	• saber facer
CT6	Toma de decisións	• saber facer
CT7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo	• saber • saber facer
CT9	Compromiso ético	• Saber estar / ser
CT10	Traballo en equipo	• saber facer
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• saber facer • Saber estar / ser
CT12	Razoamento crítico	• saber facer
CT13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT16	Motivación por a calidade.	• Saber estar / ser
CT17	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• saber facer
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• saber facer
CT23	Traballar con responsabilidade	• saber facer
CT24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora	• Saber estar / ser
CT25	Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais	• Saber estar / ser
CT27	Manifestar discreción	• Saber estar / ser
CT28	Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario	• saber facer
CT29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional	• Saber estar / ser
CT30	Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir	• saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

Distinguir entre o labor do fisioterapeuta no eido do deporte e outros ámbitos da fisioterapia	CG1 CG3 CG15 CG18 CE6 CE15 CE42 CE44 CE45 CE46 CE51 CT1 CT6 CT7 CT9 CT10 CT13 CT15 CT23 CT25 CT27 CT30
Identificar e elixir as pautas axeitadas para a exploración e valoración do deportista	CG1 CG3 CG5 CG6 CG8 CE6 CE14 CE15 CE16 CE35 CE36 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT11 CT12 CT16 CT17 CT24 CT28

Modificar as malas condicións do equipamento deportivo	CG1 CG3 CG5 CG6 CG12 CG15 CG19 CE6 CE14 CE15 CE16 CE18 CE22 CE37 CE38 CE51 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT11 CT12 CT18 CT19 CT24 CT28 CT29
Identificar e resolver as causas que producen a patoloxía deportiva	CG1 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CE6 CE14 CE15 CE16 CE18 CE22 CE35 CE36 CE37 CE38 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT12 CT16

Distinguir entre as medidas de prevención e as medidas de tratamento das lesións deportivas	CG1 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CE6 CE14 CE15 CE38 CE42 CE46 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT11 CT12 CT17 CT23 CT24 CT25
Coñecer e identificar cando se deben aplicar os diferentes métodos de estiramentos musculares	CG1 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG12 CE6 CE14 CE15 CE16 CE22 CE35 CE37 CE38 CE45 CE51 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT12 CT16 CT19 CT24 CT25 CT29 CT30

Elexir e aplicar o tipo de vendaxe e ortesis axeitada a cada necesidade do deportista	CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG15 CE6 CE14 CE15 CE16 CE22 CE35 CE36 CE37 CE38 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT12 CT15 CT17 CT29
Identificar e elexir a técnica de masoterapia que se debe de aplicar en cada momento do ámbito deportivo	CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG18 CE6 CE14 CE15 CE16 CE18 CE35 CE36 CE37 CE38 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT12 CT16 CT27 CT28 CT29

Distinguir e resolver qué técnica pasiva ou activa se pode aplicar non ámbito da actividade física e do deporte	CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG18 CE6 CE14 CE15 CE16 CE22 CE35 CE36 CE37 CE38 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT9 CT16 CT17 CT23 CT28

Contidos	
Tema	
Xeneralidades.	Papel do fisioterapeuta no ámbito deportivo. Psicoloxía do deportista.
Adaptación fisiolóxica ao exercicio físico e deporte.	Cambios e adaptacións á tensión física e psicolóxica.
Avaliación de Fisioterapia previa á práctica deportiva.	Valoración do deportista.
Causas da patoloxía deportiva.	Patomecánica e xesto deportivo nas lesións deportivas.
Xeneralidades da prevención de lesións deportivas.	
Tratamento das lesións deportivas. Papel da Fisioterapia na reincorporación á práctica deportiva.	
Profundización nos tipos de vendaxes funcionais no deporte.	Técnicas de aplicación. Orteses no deporte.
Estiradas musculares. Xeneralidades.	Tipos de estiradas.
Criomasaxe.	Indicacións e contraindicacións. Método cricer.
Masoterapia no deporte.	Masaxe pre e postcompetición. Técnicas especiais.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Traballo tutelado	1	30	31
Presentación	1	2	3
Lección maxistral	43	70	113
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Traballo	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Traballo tutelado	Os alumnos deberán elaborar, asistir a titorias, expoñer e defender un traballo. Cada grupo realizará un traballo sobre un tema determinado pactado co profesor.
Presentación	Exposición con medios audiovisuias por parte do alumno ante o docente e os estudantes do traballo tutelado

Lección maxistral	As clases teoricas serán participativas e utilizarase a interrogación didactica, debate, estudio de casos e estratexias de resolución de problemas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As clases teoricas serán participativas e utilizarase a interrogación didactica, debate, estudio de casos e estratexias de resolución de problemas, favorecendo a participación personalizada.
Traballo tutelado	Cada alumno deberá, asistir a titorias, expoñer e defender un traballo, dentro de un grupo . Este traballo será sobre un tema determinado pactado co profesor.
Presentación	Exposición con medios audiovisuias por parte do alumno ante o docente e os estudantes do traballo tutelado

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Constará de 5 a 7 preguntas nas que o alumno demostrará os seus coñecementos teóricos razoados sobre aspectos fundamentais da materia.	80	CG1 CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG12 CG15 CE6 CE14 CE15 CE16 CE18 CE22 CE35 CE36 CE37 CE38 CE42 CE44 CE45 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT9 CT16 CT17 CT23 CT24 CT25 CT27 CT28 CT29 CT30

Traballo tutelado	A realización, asistencia a titorias exposición e defensa do traballo é obrigatoria para superar a materia. Valorarase a participación nas titorías do traballo, a formulación e análise realizada, así como a súa redacción e a utilización de fontes bibliográficas...	10	CG1 CG3 CG12 CG15 CG18 CG19 CE18 CE22 CE35 CE36 CE37 CE44 CE45 CE46 CE51 CE52 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT7 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT23 CT24 CT25 CT30

Presentación	Valorarase a presentación do traballo en medios audiovisuais a súa exposición e defensa.	10	CG1 CG3 CG12 CG18 CG19 CE37 CE44 CE45 CE46 CE51 CT1 CT2 CT3 CT5 CT6 CT7 CT10 CT11 CT12 CT13 CT16 CT17 CT18 CT19 CT23 CT24 CT25 CT30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder presentarse ao examen teórico en calquera das dúas convocatorias é obrigatorio realizar, asistir ás titorías, expoñer e defender o traballo nas datas que se establezan ao principio da docencia da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Ballesteros Massó R., Traumatología y medicina deportiva, Ed. Paraninfo. Madrid 2002.,

Baker Champ L., Manual de campo de Medicina del Deporte de la Hughston Clinic, Panameriaca. Madrid 1998.,

Arnheim D., Fisioterapia y entrenamiento atlético, Mosby/Doyma. Madrid 1994.,

Boyer Th., Patología del aparato locomotor en el deporte, Ed. Masson. Barcelona 1991.,

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fisioterapia no linfedema				
Materia	Fisioterapia no linfedema			
Código	P05G170V01911			
Titulacion	Grao en Fisioterapia			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Cuña Carrera, Iria da			
Profesorado	Cuña Carrera, Iria da			
Correo-e	Iriadc@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias		
Código		Tipoloxía
CG1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.	• saber
CG2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.	• saber
CG3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.	• saber
CG5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.	• saber facer
CG6	Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.	• saber • saber facer
CG7	Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.	• saber facer
CG8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.	• saber facer
CG12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.	• saber
CG14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.	• saber facer
CG15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.	• saber facer
CG18	Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se poña atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.	• saber facer
CG19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.	• saber facer • Saber estar / ser
CE7	Coñecer e comprender as bases físicas dos distintos axentes físicos e as súas aplicacións en Fisioterapia	• saber
CE14	Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e pronóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia	• saber
CE15	Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos	• saber
CE16	Coñecer e comprender os cambios estruturais, fisiolóxicos, funcionais e de conduta que se producen como consecuencia da intervención da Fisioterapia	• saber
CE18	Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos xenerais e os derivados doutros axentes físicos	• saber
CE19	Coñecer e comprender os Procedementos fisioterapéuticos baseados en Métodos e Técnicas específicos de actuacións fisioterapéuticas a aplicar nas diferentes patoloxías de todos os aparatos e sistemas, e en todas as da saúde, e na prevención da enfermidade. Tales métodos están referidos, entre outros: aos procesos neurolóxicos; do aparato locomotor (terapias manuais, terapias manipulativas articulares, oteopatía e quiropraxia); do aparato respiratorio; do sistema cardiocirculatorio; ás alteracións da estática e a dinámica; aos métodos específicos ortopédicos; e ás técnicas terapéuticas reflexas, alternativas ou complementarias afines ao campo de competencia da Fisioterapia	• saber
CE20	Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia	• saber

CE21	Adquirir formación científica básica en investigación	• saber
CE22	Coñecer e comprender as teorías que sustentan a capacidade de resolución de problemas e o razoamento clínico	• saber
CE35	Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais	• saber • saber facer
CE36	Determinar o Diagnóstico de Fisioterapia de acordo coas normas recoñecidas internacionalmente e cos instrumentos de validación internacionais. Esta competencia inclúe xerarquizar as necesidades do paciente/usuario para atender con prioridade aquelas que máis comprometan ao proceso de recuperación	• saber • saber facer
CE37	Deseñar o Plan de Intervención de Fisioterapia. Elaborar un Plan específico de Intervención de Fisioterapia empregando habilidades de resolución de problemas e razoamento clínico: en consonancia cos recursos dispoñibles; formulando os obxectivos de intervención co usuario e, no seu caso, coas persoas significativas do seu entorno, recollendo as súas expectativas respecto da atención; seleccionando os protocolos ou procedementos máis adecuados á atención planificada, atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia	• saber
CE38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde	• saber facer
CE42	Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade	• saber • saber facer
CE44	Incorporar á cultura profesional os principios éticos e legais da profesión	• saber facer • Saber estar / ser
CE45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional	• saber facer
CE49	Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar a contorna en situacións de tensión	• saber
CE51	Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa	• saber • Saber estar / ser
CE52	Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade	• saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.	• saber facer
CT2	Capacidade de análise e síntese.	• saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación.	• saber facer
CT4	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT5	Resolución de problemas	• saber facer
CT6	Toma de decisións	• saber facer
CT7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo	• saber • saber facer
CT9	Compromiso ético	• Saber estar / ser
CT10	Traballo en equipo	• saber facer
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• saber facer • Saber estar / ser
CT12	Razoamento crítico	• saber facer
CT13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT16	Motivación por a calidade.	• Saber estar / ser
CT17	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• saber facer
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• saber facer
CT20	Liderado	• saber facer
CT23	Traballar con responsabilidade	• saber facer
CT24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora	• Saber estar / ser
CT25	Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais	• Saber estar / ser
CT28	Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario	• saber facer
CT29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional	• Saber estar / ser
CT30	Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer la fisioloxía e fisiopatoloxía linfática e describir as bases da Drenaxe línfático Manual y da Terapia Desconxestiva Complexa	CG1 CG2 CG3 CG5 CG6 CG7 CG12 CG18 CE7 CE14 CE16 CE18 CE19 CE20 CE36 CE37 CE42 CE44 CE45
Identificar a fisiopatología en oncoloxía, en cirugía plástica, reparadora e estética susceptible de tratamiento de linfedema.	CG1 CG2 CG3 CE7 CE15 CE20
Aplicar as distintas técnicas da Terapia Desconxestiva Complexa.	CG5 CG8 CG14 CG19 CE7 CE16 CE20 CE22 CE35 CE38 CE44 CE49 CE51 CE52 CT20 CT23 CT24 CT25 CT28 CT29

Realizar un protocolo de cinesiterapia aplicado a un paciente con linfedema	CG15 CE21 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT20 CT23 CT24 CT25 CT30

Contidos	
Tema	
TEMARIO TEÓRICO	
Fisioterapia do linfedema en cirurxía plástica, reparadora e estética.	Introdución ao sistema linfático. Fisioloxía linfática. Fisiopatoloxía linfática. Bases da drenaxe linfática manual. Anatomía do sistema linfático. Valoración e tipos de edemas. Profilaxis do edema. Indicacións e contraindicacións do DLM.
Fisioterapia do linfedema en Oncoloxía.	Fisioterapia desconxestiva complexa. Drenaxe linfática manual en pacientes oncolóxicos. Vendaxe multicapas. Presoterapia.
TEMARIO PRÁCTICO	
Drenaxe linfática manual.	Práctica de manobras de chamada en coxa. Prácticas de manobras de chamada en perna e pé. Práctica de manobras de chamada en brazo. Práctica de manobras de chamada en antebrazo e man. Protocolo de tratamento en membros inferiores sen afectación inguinal. Protocolo de tratamento en membros superiores sen afectación axilar. Protocolo de tratamento en membros inferiores con afectación inguinal. Protocolo de tratamento en membros superiores con afectación axilar. Protocolo de tratamento en edemas en abdome e mama. Protocolo de tratamento en edema de cara.
Vendaxe multicapa.	Práctica de vendaxe multicapa para edemas linfáticos.
Presoterapia.	Práctica de presoterapia.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	25	29	54
Traballo tutelado	1	15	16
Actividades introdutorias	1	0	1
Presentación	2	0	2
Lección maxistral	12	30	42
Práctica de laboratorio	1	15	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	18	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente
Descrición

Prácticas de laboratorio	Utilizarase a demostración experimental, a estratexia de simulación, o tratamento didáctico de erros e adestramento sistemático. O profesor fará a demostración de como se debe realizar a valoración e/ou o protocolo de tratamento, a continuación os alumnos realizarán por parellas a práctica entre eles, sendo corrixidos polo profesor e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Na corrección terase en conta por unha parte a posición do usuario/paciente, as tomas e contratomas realizadas, así como a execución da manobra e por outra parte a altura da mesa de tratamento e a postura do alumno que está a realizar a práctica. Así mesmo, terase en conta a actitude do alumno.
Traballo tutelado	Os alumnos deberán elaborar,asistir a titorias, expoñer e defender un traballo. Utilizarase a Plataforma Tem@.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Presentación	Exposición e defensa por parte do alumno ante o docente e os estudantes do traballo tutelado.
Lección maxistral	As clases teóricas serán participativas e utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. O alumno terá á súa disposición na plataforma tem@ apuntamentos que lle servirán de guía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Titorías de orientación e asesoramento individual. Realizaranse 6 horas de titorías á semana. levaranse a cabo no horario e lugar indicados na guía.
